



CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL, E A FUNDACIÓN MOP – THE MOP FOUNDATION, PARA A COLABORACIÓN EDUCATIVA NAS ENSINANZAS ARTÍSTICAS PROFESIONAIS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO E NA FORMACIÓN PROFESIONAL DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Formación Profesional da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Formación Profesional formalizou coa Fundación MOP o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o momento de finalización das estadías e da realización da correspondente memoria.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre a Fundación MOP e a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, para a realización de estadías no estranxeiro por parte de estudantes formados/as en centros educativos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que veñan de rematar o ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Fotografía ou o ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Iluminación, Captación e Tratamento de Imaxe.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.





Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que se estima fundamental a adecuación da formación dos técnicos/as superior de Artes Plásticas e Deseño en Fotografía e dos técnicos/as superiores en Iluminación, Captación e Tratamento de Imaxe ao grao de excelencia académica que esixen as ensinanzas, e o recoñecemento e posta en valor dos méritos artísticos e académicos baseados no esforzo e no traballo do alumnado. Estes obxectivos requiren dunha activa participación e corresponsabilización de todos os axentes sociais implicados, como procedemento clave para a actualización e capacitación técnico-artística dos/das estudantes do ámbito da fotografía, o que fai preciso a colaboración dos asinantes deste acordo, que permitirá afianzar o proceso de ensino-aprendizaxe nas ensinanzas artísticas profesionais de artes plásticas e deseño e na formación profesional.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en,
Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Formación Profesional

María Eugenia Pérez Fernández

